

natureza. Este falante lírico asume, as máis das veces, unha actitude marxinal, solidaria coa *fame e segura dos calados*, que o achega á figura do escritor maldito. Esta condición vese reforzada polo seu talante iconoclasta, que se manifesta na fuxida dos lugares comúns. É esta vontade a que se observa nunha visión da lúa como

paxaro
que mollo
en leite
ou ergo como hostia.

A creación de imaxes cósmicas de grande forza, unhas veces visionarias, outras expresionistas, é, ao noso ver, un dos aspectos máis brillantes da poesía de Carlos Solla. Sirvan como ilustración o *planeta á raxeira*, o *sol de dúas xemas*, a *lúa á que se lle vían as bragas*, as *lúas de crois-sant* ou os seguintes versos apocalípticos:

mar naufragou
pezas
dun corpo de noso
puzzle (incompleto)
virando á valga.

En definitiva, estamos diante dun discurso poético coherente que non sempre resulta doado, pois o carácter críptico de moitas referencias e o propio léxico escurecen o texto e dificultan a súa comprensión.

Á marxe das preferencias estéticas, cómpre recoñecer a autenticidade e a orixinalidade desta voz poética, de difícil asentamento no aínda nacente catálogo de *poetas dos noventa*.

As leis da natureza e a cultura popular son os grandes piares que sosteñen a obra de Carlos Solla, presentada a través dunha voz ancestral que, ademais de crear imaxes insólitas, lembra vocábulos e recita fórmulas (xogos, oracións, esconxuros, *truquematruque*, *tresvarío*) para salvar o equilibrio das forzas segredas do contorno:

teu canastro manso
teu cabaceiro
lodo fértil
abáboro
inseminote
e fenezo.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

BOURDOUXHE, Madeleine, *A Muller de Gilles*, (Tradución ao Galego por Alberte Allegue Leira), Santiago de Compostela, Laiovento, 1999.

Algunhas persoas de certa sensibilidade temos fondamente afincada na cabeza a idea de que unha novela, ou unha obra de arte calquer, atinxe un carácter transcendente cando é capaz de establecer, como o amor, como que un elo de transmisión entre a conciencia de quen escribiu e a intimidade de quen le. Como o amor que se gabe de selo verdadeiramente, a obra de arte parécenos un intento de quebrar o isolamento do ser profundo, de contaxiar a outrén a vibración máis degarante que provoca, no cerne do espírito, o enxerga-lo mundo. Nese senso, o amor que non conferir ren, que non for quen de cispar do seu propio cárcere interior e de agarimar o ser amado, o outro, recibendo en troca as araxiñas frescas do que, mais que unha cumplicidade, é unha conversa sen palabras, anterior ás verbas, insinuada e intuída no ollar e no sentir, ese amor quizais non sería digno de tan excelso nome. Michel Thorgall, noutros termos, dixerá que o amor pode – e soe – ser a súa propia negación, só que escondida solo nome de Amor; mais que debía ser máis: «une sécurité, un exorcisme contre l'isolement», ter alguén sobre quen descansar e sen o cal «on n'est rien».

Á obra de arte pódelle acontecer certa cousa semellante. Por exemplo, imaxinemos un libro que, escrito desde unha mirada intimamente feminina, desde o persoal e indescifrabel xeito –indescifrabel, coidamos, para quen non for muller– de as mulleres verem e entenderem o mundo, o amor ou a paixón, nos puidese falar directamente aos corazóns masculinos, eivados, na comprensión do Feminino, dunha impotencia para superar as fronteiras da diferenza. Un libro que nos puidese facer comprender, sentir e mesmo tremer, desde a nosa diferenza masculina, cos impulsos e desexos, os praceres, medos e desesperos do ser feminil. Un tal libro debería, segundo o noso modo de ver, ser necesario para render posíbel a intercomprensión entre os mundos, tan parecidos mais asemade tan distintos, do home e mais da muller. Pero este tipo de obras escasea tanto ou máis do que o amor como cómpre, isto é, como a comunicación latexante que vimos de describir.

E a proba de fogo para unha escritora que quixese destruír o cerco hermético que protexe a súa solidade interior, e mostrarse ao mundo, dicir algo que fixese vibrar o espírito do lector dende o agochamento dos seus cavoucos máis fondos, cremos que ben podería ser esta: tentar a criación dun vencello de comprensión, de *sym-pathia*, de *cum-passio* ou *com-paixón*, un a modo de «estremeamento compartido» entre quen escribe e quen le; e, por riba diso, facelo centrándose no tema e motivo dun amor calado, acubillado, atafegado e non correspondido, dunha muller. A paixón sen *com-paixón*, ou o padecemento sen *sym-pathia*, sen unha retribución posíbel,

acompañada e proporcional ás súas queixas. O amor só en potencia, desde nacido xa condenado a unha morte baleira antes da madurez. O amor que non chegou –nin chegará– a crebar as paredes da cela interior, a espallarse polas veas do outro, cando o outro posúe un espírito frío e pétreo. Neste sentido, unha obra literaria capaz de facer transcender, e fuxir da súa cadea, un sentimento isolado e virado sobre si mesmo, de facelo erguerse, reivindicar a súa existencia non percebida polo amado, unha obra que faga oír ao lector os berros silentes dese amor sen correspondencia, sería, coidamos, un grande achádegno. Porque seica faría que a dona dese sentimento desprezado puidese instalalo nalgún corazón alleo, segredar as súas coitas, dar razón da súa existencia, quizais mesmo *namorar* ese novo sentir, ou esa nova conciencia. Xa que tal amor maniño non puidese conquistar o seu obxecto, ao menos podería inzar como lento beleño pola gorxa intelectual dalgún lector, quebrar o cárcere, acadar a Universalidade.

Falando de *La Femme de Gilles*, da autora belga Madeleine Bourdouxhe, dixo un seu importante comentar, Michel Thorgall, que a vontade de se escribir esa obra derivara doutra vontade anterior, «la volonté de l'auteur de traduire sur le vif le sentiment universellement éprouvé d'une vie entravée jusqu'à l'impossible, agacée jusqu'à mettre à se détruire la passion». O descoñecemento desta obriña, e da súa autora, en España, impediu que algúns millóns de lectores –potenciais, como sempre– puidesen colaborar á liberación do sentimento amoroso, fervente, martirizante e desacougante dunha dona de casa, Éliisa, que a súa creadora tan magnificamente soubo maxinar como acesa dun lume que, asemade, conseguiu facer alastrar polas almas de quenqueira que se achegue a esta auténtica xoíña literaria, tan feramente desasosegada mais, simultaneamente, tan deliciosamente tenra e mesmo sensual, ás veces, na linguaxe e imaxes. É por iso gratificante poder decatarse da posibilidade de que un home, co seu feitío masculino, diferente, impenetrábel tantas veces para a muller, sexa capaz de entender e ata compartir, deixarse quencer pola paixón e pola furia do debezo dunha dona namorada do marido, casada con alguén que endexamáis poderá garimar nas súas entrañas a dozura de tal lume. É iso é o que Madeleine Bourdouxhe conseguiu, ao facer que a súa protagonista, a muller de Gilles, dese expansión á súa punxente mágoa, de xeito que esta abalase dende os alcances o acougo maino dos receptores, xa que non conseguiu abalar a fériida insensibilidade do marido, que tiña a alma virada para outro lado, anque por mor só dun motivamento cruamente físico, por unha mal entendida paixón fisiolóxica.

Énos agora posíbel lermos esta obriña –tan curta, tan rápida, tan afeita por iso mesmo ao pouco tempo de que dispomos os homes e mulleres de hoxendía, pero tan primorosa á vez – en Galego, na voz da

Terra Galega, tan calada, tan boligante en amores inconfesados, tan necesitada de lecturas como esta, que a fagan brixir, arreguizarse e bulir sobre as lapas dun fogo que, caladamente, paseniño, acabou por atear na lareira dos lectores que lean con certa sensibilidade e cariño. E non puido tal libriño atopar mellor tradutor que un xove irrequieto e sensíbel, apaixonado por esta novela e a súa mensaxe, un tradutor chamado –tan galegamente– Alberte Allegue Leira. Magnífico e teimoso estudante da lingua francesa, da cal pensamos que ten alcanzado o miolo mais profundo, a chave que lle permita perceber as súas *nuances* fundamentais e conotativas, Allegue demostra na súa tradución un impresionante coñecemento do galego, desa lingua que fala, escribe e anda sempre a afagar con celmosos achádegos léxicos. Tradución feita de recendos, de subtís descubertas, de verbas de diversos eidos: do máis vivo e enxebre da linguaxe falada a aqueloutro máis requintado e matinado dos rexistros literarios. Soubo transmitirnos os degoiros, a tensión permanente, a sorpresa continua do entramado da historia, a súa alma, a súa intensa conmoción. E soubo facelo porque, sen dúbida, sentiu tamén el o eslumecente laño que fere a conciencia de quen ler esta obra. Mais tamén porque a soubo transpor, reelaborar formalmente, recollendo na lingua galega, nun novo e distinto sistema de sons e verbas –de carne e ósos lingüísticos– a idea sonora, a cadencia máis «aérea», máis indefiníbel do francés sensual, ricaz, ardente, celmoso e desesperado da autora (entre outras máis novelas) de *Marie attend Marie*, ademais da que andamos a recensear. Valla como proba de todo isto que digo un fragmento mínimo, e sirva el non tanto de fecho para encerrar este artigo como de convite á lectura demorada e reflectida deste libriño, que *poderá facer sentir nas entrañas dalguén a morna e inqueda espera dunha muller que, do seu silencio, imaxinara un final de ouro para a súa paixón contida. Así se conta en francés:*

«Éliisa se débattit avec cette obscurité morte, rejeta cette nuit, appela de toutes ses forces d'apaisantes images. Un pré que le printemps fleurit... une route de campagne où les ouvriers passent, sifflent et chantent dans un jour bleu... une fenêtre ouverte sur l'été triomphant... La vie...» (Madeleine Bourdouxhe, *La Femme de Gilles*, Bruxelles, Editions Labor, 1985, p. 109).

Que, no galego de Alberte Allegue, anósase deste xeito:

«Éliisa loitou con aquela escuridade morta, rechazou aquela noite, chamou con todas as súas forzas por imaxes tranquilizadoras. Un prado que florea na primavera... unha estrada de campo pola cal pasan obreiros, asubían e cantan nun día azul... unha fiestra aberta sobre o verán triunfante... A vida...» (M. B., *A Muller de Gilles*, trad. do Francés: Alberte Allegue Leira, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999, p. 89).

ANDRÉS XOSÉ POCIÑA LÓPEZ